



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Si ti me da-lo que ch'eu pido
eu nunca ch'ei pedir diñeiro
hei leva-la túa iaña
pa turrar co meu carneiro.

E ti telo nena
non ó queres dar
e despois de vella
/:pódelo ghardar (x3),
e ti telo nena
non ó queres dar.

/:O viño vaise bebendo:/
o cariño vai entrando,
a honra vaise perdendo.

Dicen que la mar se junta
aghua de todes los ríos
también se pueden juntare
tus cariños con los míos.

Ni como ni bebo
ni puedo llorar
a ver se os teus ollos
/:me van a olvidar (x3),
ni como ni bebo
ni puedo llorar.

Heinme de casar cun vello
para me fartar de rire
heille de poñe-la cama
/:onde n-a poida subire:/
Ai lelela...

Unha vella dixo a'íoutra
polo burato da porta
ti ghoberna a túa vida
ca miña nada che importa.

E vaite d'ái, xa podes marchar
e na miña vida che volvo a falar
che volvo a falar, che volvo a falar
e vaite d'ái, xa podes marchar.

María miña María
muito ben t'hei de quere
cando vou ó teu muíño
/:siempre me deixas moere:/
A lelela...

O muíño n-é muíño
qu'é a capilla dos ratos,
a donde se van a dar-e
os bicos e os abrasos.

Fun ó muíño á Braña
nin moín nin muineie
perdín a cinta do pelo.
/:eso fui o qu'eu ghaneie:/
A lelela...

As mulleres son o demo
atentadas ó pecado
fanlle levantar ós homes
o que traíen abaixado.

Se me quieres a mi solo
no pretendas outra dama
yo te quiero Manuelito
con el sabor de mi alma.

Chamáchesme racha-faldras
inda non rachei nincunha
ahora que me chamaches
heiche de racha-la túa.

/:Maruxiña do tempero:/
alá no teu lavadoiro
deixa que lav'ó meu pelo.

Eres blanca y eres rubia
eres como yo te quiero
eres la millor laranja
que tiene mi laranjero.